

Delegado da Área Económica logo de formación de expediente administrativo correspondente, en que constará constará informe de Tesourería, e Intervención no seu caso.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nestas bases, así como para a resolución das dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación, haberá que aterse ó que resolva a Alcaldía, tras o informe da Intervención. se atenderá ás normas legais e regulamentarias que regulan cada materia, aos Principios Xerais do Dereito e ás normas interpretativas establecidas nos artigos 3 e 4.1 do Código Civil."

Lugo, 7 de febreiro de 2012.- A ILMA. TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA (Decreto Alcaldía nº 60/2011)
Asdo.: Sonia Méndez García.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO, P. S.: A Letrada Asesora, Ana Isabel Sáez Mancebo.

R. 0557

MEIRA

Anuncio

Por Acordo Plenario de data de 15 de decembro de 2011, aprobose provisionalmente o Regulamento do servizo de subministro de auga potable do Concello de Meira, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

"REGULAMENTO DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.-

ARTIGO 1.- OBXECTO DO REGULAMENTO.

O presente Regulamento ten por obxecto regular as relacións entre os usuarios do servizo de subministro domiciliario de auga potable e o Concello de Meira, sinalándose os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes.

ARTIGO 2.- NORMAS XERAIS.

O subministro domiciliario de auga potable rexerese polas Disposicións que establece o presente Regulamento, polo establecido na Lei de Réxime Local e na Ordenanza Fiscal vixente.

ARTIGO 3.- USUARIO.

Os efectos do presente Regulamento, entenderase por usuario do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, o titular do dereito de uso da finca, local ou industria, ou o seu representante, que se beneficien do servizo municipal de subministro de auga potable. Os propietarios dos inmobles son solidariamente responsables dos subministros de auga que se realicen nos mesmos, inda que non tiveran sido solicitados nin consumidos por eles.

En caso de que se solicite un cambio de titularidade no servizo a nome de unha persoa que non sexa o propietario do mesmo, é obrigatorio que presente un escrito asinado polo propietario do inmovible de que autoriza o cambio de titularidade do servizo e que coñece que como propietario do inmovible é responsable solidario dos subministros de auga que realicen no mesmo e que responderá do seu pago en caso de que a débeda non sexa abonada. Sin este documento a alta no servizo só se poderá realizar a favor do propietario do inmovible.

En todo caso o Concello reservase o dereito de esixir a fianza, aval bancario ou de outra natuaeza, ó seu arbitrio, que garanticen as obrigas.

ARTIGO 4.- ENTIDADE SUBMINISTRADORA.

A entidade subministradora neste momento é o Concello de Meira mediante xestión directa do servizo municipal de subministro domiciliario de auga potable, inda que dito servizo poderá prestarse en calquera momento a través de calquera das outras formas de xestión do servizo que estableza a normativa aplicable.

TITULO II.- OBLIGACIÓNS E DEREITOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE E DOS ABONADOS.**ARTIGO 5.- OBLIGACIÓNS DO CONCELLO.**

Dentro do término municipal e nas zonas en que esté instalada a rede municipal de distribución, o Concello ven obrigado a suministrar o abastecemento de auga potable, con arreglo ás condicións que fixa este Regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

O Concello está obrigado a manter e conservar ó seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o abastecemento de auga potable.

O Concello estará obrigado a aplicar ós distintos tipos de suministros que teña establecidos, as tarifas que, en cada momento, teña aprobadas.

ARTIGO 6.- DEREITOS DO CONCELLO.

O Concello poderá inspeccionar, revisar e intervir, coas limitacións que se establecen neste Regulamento, as instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, se atopen ou podan atoparse en servizo ou uso.

O Concello ten dereito a percibir o importe das facturacións ou cargos que, regulamentariamente se realicen ó usuario.

ARTIGO 7.- OBLIGACIÓNS DOS USUARIOS.

Os usuarios, con carácter xeral, terán as seguintes obrigacións:

- En reciprocidade ás prestacións que recibe, todo usuario virá obrigado ó pago dos recibos que, regulamentariamente expide o Concello conforme ós consumos de auga potable que o usuario realice. Esta obrigatoriedade de pago considerárase extensiva ós casos en que os mesmos se teñan orixinado por fuga, avería ou defecto de construción e incumprimento do presente Regulamento.

- Todo usuario deberá empregar de forma correcta as instalacións ó seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma mais axeitada, e evitando o retorno á rede de posibles augas contaminantes, mantendo, ademais, intactos os precintos que garantan a non manipulación do contador e instalacións de acometidas, no seu caso; así como as condicións idóneas para a toma de lecturas do mesmo.

- Todo petionario dun subministro, está obrigado a facilitar ó Concello a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto do subministro, así como a permitir a entrada a todo persoal autorizado polo Concello, que así o acredite, a fin de que poda efectuar cantas comprobacións estean relacionadas co subministro.

- Os usuarios non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou renumeradamente auga potable a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable de toda defraudación que se produza no seu subministro, ben por si ou por calquera outra persoa que de él dependa.

- Os usuarios deberán, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento do Concello calquera avería ou perturbación producida ou que, ó seu xuízo se poidera producir na rede xeral de distribución.

- Os usuarios están obrigados a utilizar a auga potable suministrada na forma e para os usos solicitados.

- O usuario que desexe causar baixa no subministro estará obrigado a notificar por escrito ó Concello dita baixa, cun (1) mes de antelación indicando, en todo caso, a data en que debe cesar o citado subministro.

- Cando nunha mesma finca exista xunto á auga potable de distribución pública auga de outra procedencia, o usuario virá obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sin que exista posibilidade de que se mezclen as augas dunha ou outra procedencia.

ARTIGO 8.- DEREITOS DOS USUARIOS.

Os usuarios, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

- A recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

- Á disposición permanente do subministro de auga potable, sin outras limitacións que as establecidas no presente Regulamento e demais disposicións aplicables.

- A que os servizos que reciba, se lle facturen polos conceptos e contías vixentes en cada momento.

- A que se lle tome a lectura do equipo de medida que controle o subministro e por tanto a que se emita o correspondente recibo.

- A formular reclamación contra o funcionamento do servizo mediante os procedementos contemplados neste regulamento. Cando a reclamación se refira ó cumprimento das condicións do subministro de auga potable, o reclamante deberá acreditar a súa condición de usuario, ou representante legal do mesmo.

- Igualmente, terá dereito si así é solicitado polo peticionario, a que se lle informe da Normativa vixente que lle resulte de aplicación, así como a que se lle facilite por parte do Concello, un exemplar do presente Regulamento.

TITULO III.-DO SERVIZO EN XERAL.

ARTIGO 9.- SOLICITUDE DE SUBMINISTRO.

O peticionario deberá realizar unha solicitude de alta ou cambio de titularidade no subministro no impreso que, a tal efecto, lle proporcionarán nas oficinas municipais. Nestes impresos, farase constar o nome do solicitante, uso e destino que pretende dárselle á auga potable solicitada, finca á que se destina e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición do subministro, igualmente, a dirección á que deben dirixirse as comunicacións.

Cantas circunstancias se fagan constar na solicitude de alta, faranse baixo a exclusiva responsabilidade do solicitante e servirán de base para regular as condicións do referido subministro.

ARTIGO 10.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO.

O Concello poderá, sin prexuízo do exercizo das accións, de orden civil ou administrativo que a lexislación vixente lle ampare, suspender o subministro ós seus usuarios nos casos seguintes:

a) Cando un usuario goce de subministro sin a previa solicitude de alta e autorización do Concello ó seu nome que o ampare.

b) Por falta de pago, no prazo de 3 meses contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes da liquidación.

c) En todos os casos que o usuario faga uso da auga potable que se lle suministre en forma ou para usos distintos dos autorizados.

d) Cando o usuario estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga potable para outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados na súa autorización de alta no subministro.

e) Cando polo persoal municipal se encontren derivacións nas súas redes con consumo de auga potable sin alta, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso o Concello poderá efectuar o corte inmediato do subministro de auga en tales derivacións, dando conta, por escrito, ó propietario de tal ilegalidade.

f) Cando o usuario non cumpla as condicións xerais de utilización do servizo.

g) Cando nos subministros nos que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores poidera afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, de igual modo, cando o usuario mezcle augas doutra procedencia afectando á potabilidade da auga na rede de distribución; ata que, polos usuarios, se tomen as medidas oportunas en evitación de tales situacións. Nestes casos o Concello poderá realizar o corte inmediato do suministro.

h) Cando de forma reiterada persista a imposibilidade de tomar a lectura dentro do réxime normal establecido ó efecto, por causas imputables ó usuario, o Concello poderá suspender, transitoriamente, o subministro ata tanto o usuario acceda a modificar, ó seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que se poda tomar a lectura.

ARTIGO 11.- PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN.

Con excepción dos casos de corte inmediato, previstos neste Regulamento, o Concello deberá notificar ó usuario por correo certificado. Considerándose que queda autorizado para a suspensión do subministro a partir da data en que se lle deu conta dos feitos.

A suspensión do subministro de auga potable, salvo nos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, nin en vísperas de días en que se den algunhas destas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto ó seguinte día hábil en que se subsanen as causas que orixinaron o corte de subministro.

A notificación do corte de subministro, incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- Nome e dirección do abonado.
- Nome e dirección da finca abastecida.
- Data a partir da cal se producirá o corte.

- Detalle da razón que orixina o corte.
- Nome, dirección, teléfono e horario das oficinas do Concello en que podan subsanarse as causas que originaron o corte.

A reconexión do subministro farase polo Concello, que cobrará ó usuario por esta operación unha cantidade equivalente o importe da cuota de alta vixente, no momento do restablecemento.

ARTIGO 12.- DE CARÁCTER XERAL.

A utilización do subministro de auga farase tomando o usuario a que necesite, sin limitación algunha, determinándose o volume consumido mediante un aparato contador homologado oficialmente.

O Concello en ningún caso garantiza a cantidade ou calidade do subministro, que sempre terá o carácter de precario para o usuario.

Os usuarios son responsables do cumprimento das disposicións deste Regulamento por sí e por cantas persoas se atopen nos seus locais ou vivendas, así como de todos os danos e prexuízos que calquera deles podan causar con motivo do servizo.

As autorizacións serán por tempo indefinido sempre e cando o usuario cumpla o sinalado no presente Regulamento, pola súa parte, o usuario pode, en calquera momento, renunciar ó subministro, previo aviso dun (1) mes con anticipación á data en que desexa que finalice. Chegada a mesma procederase ó corte da auga e a formular unha liquidación definitiva; co seu pago darase por terminada a vixencia da alta no subministro.

TITULO IV.- CONDICIÓNS DO SERVIZO.

ARTIGO 13.- CARÁCTER DO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

En función do uso a que se destine a auga, o carácter do subministro poderá tipificarase en:

a) **Subministro para uso doméstico.** Son aqueles nos que a auga potable se utiliza exclusivamente para atender as necesidades primarias da vida. Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial ou comercial de ningún tipo. Queda totalmente excluído o subministro de auga para piscinas.

b) **Subministro para uso Comercial ou Industrial.** Entendese por usos comerciais ou industriais o subministro de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, sexa calquera a actividade ou industria que se exerza nel.

Non obstante, a estos efectos consideraranse tamén como industriais non solamente as instalacións en locais ou establecementos independentes, senon aquelas industrias ou comercios instalados nas propias vivendas.

Neste último caso se as tarifas aprobadas foran distintas segundo se trate de usos industriais ou domésticos, o concesionario virá obrigado a independizar as instalacións e colocar contadores independentes, ou por unha sola instalación e contador deberá abonar a tarifa mais elevada polo total consumido.

c) **Subministro para uso especial; como son as obras ou similares.** As altas para usos especiais serán dadas polo Concello e en caso de urxencia polo Alcalde, fixándose en cada caso concreto as condicións da mesma. Os subministros provisionais de auga para obras estarán sempre suxeitos á colocación do contador.

O subministro provisional de auga para obras terá carácter especial e transitorio, e efectuarase nas condicións seguintes:

- Mediante contador colocado ó efecto, en lugar apropiado debidamente protexido, e supervisado polo Concello.

- O usuario satisfará a cuota por enganche de conformidade coa tarifa establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.

- O usuario satisfará a auga subministrada de conformidade coa tarifa establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.

- O subministro cortarase cando se solicite para o edificio a licenza de primeira ocupación ou cando se estime que o edificio estea rematado, comunicando a baixa do mesmo.

Considerarase "defraudada" a utilización deste subministro para uso distinto ó de "obras", podendo o Concello, con independencia da sanción que corresponda, proceder ó corte do subministro e anulación do contrato.

d) **Subministro de uso oficial.** Estas autorizacións terán como finalidade atender aqueles servizos públicos e calquera outros de competencia municipal que se presten directamente polo Concello ou por terceiras persoas ou entidades que realicen servizos da competencia de aquél, por conta propia ou en interese xeral.

O Concello fixará, en cada caso concreto, atendendo á categoría do servizo e do interese xeral do mesmo, as condicións da autorización, así como a tarifa aplicable.

e) **Subministro para servizo contra incendios.** As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dun subministro de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, a todos os efectos, das condicións que este Regulamento prescribe para as instalacións destinadas ó abastecemento ordinario, de conformidade cos seguintes criterios:

1.- Independencia das instalacións: As instalacións contra incendios serán absolutamente independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non poderá efectuarse derivación algunha para outro uso.

Todo sistema que constitúa a instalación contra incendios, alimentarse a través dunha acometida á rede pública de distribución independente á do subministro ordinario, e no caso de carecer de Rede Contra Incendios independente do subministro ordinario, os gastos ocasionados das obras de acometida que sexan necesarias, serán sufragadas polo propietario.

Queda igualmente prohibido tomar auga de calquera elemento destas instalacións, salvo no caso de incendio, sin a expresa autorización do Concello.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior do usuario superior á que exista, será responsabilidade do usuario establecer e conservar os dispositivos de sobre elevación que lle permitan dar cumprimento á normativa específica antes citada.

A conexión á rede pública de distribución dun subministro contra incendios, requirirá a mesma tramitación que os de subministro ordinario e estarán, por tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles.

ARTIGO 14.- OBLIGACIÓNS DE SUBMINISTRO.

O Concello obligase a suministrar o abastecemento de auga potable ós habitantes do término municipal, nas zonas en que esté instalada a rede municipal de distribución, con arreglo ás disposicións do presente Regulamento e normativas legais que lle sexan de aplicación.

ARTIGO 15.- SUSPENSÍONS TEMPORAIS.

O Concello poderá suspender temporalmente o servizo cando sexa imprescindible para proceder ó mantemento, reparación ou mellora das instalacións ó seu cargo.

ARTIGO 16.-RESTRICCIÓNS NO SUBMINISTRO.

Se o curso das augas experimenta nalgunhas partes, ou en toda a rede, variacións e interrupcións por sequía, xeadas, reparacións por averías, auga sucia, escasez ou insuficiencia do caudal, e calesquera outros semellantes, non poderán os usuarios facer reclamación algunha en concepto de indemnización por danos ou perxuízos, nin outro calquera, sexa cal fora o tempo que dure a interrupción do servizo, entendéndose que neste sentido a concesión do subministro faise sempre a título de precario, quedando obrigados os usuarios, non obstante, ó pago do mínimo mensual establecido, ou lectura do contador, según proceda.

No caso de que houbera necesidade de restrinxir o consumo de auga por escasez, as concesións para usos domésticos serán as últimas ás que se restrinxirá o servizo.

ARTIGO 17.- PROHIBICIÓNS.

Ningún usuario poderá disfrutar de auga a caño libre.

Ningún usuario poderá destinar a auga a outros usos distintos dos que comprenda a súa concesión, quedando prohibida, total ou parcialmente, a cesión gratuita ou a revenda de auga a outros particulares, salvo casos de calamidade pública ou incendio.

TITULO V.- ACOMETIDAS.

ARTIGO 18.- AUTORIZACIÓN DAS ACOMETIDAS.

A autorización de acometidas para subministro de auga potable, corresponde ó Concello e estará supeditada a que se cumpran as condicións de abastecemento pleno, que se establecen seguidamente:

- 1) Que o inmovible a abastecer estea situado na área de cobertura do abastecemento e zona urbanizada.
- 2) Que o inmovible que se pretende abastecer conte con instalacións interiores dispoñibles e adecuadas ás normas do presente Regulamento.
- 3) Que o inmovible a abastecer dispoña de acometida para vertidos de augas residuais e pluviais, ou teña resolto o sistema de evacuación das mesmas, dispoñendo, neste caso, das autorizacións precisas para elo.

ARTIGO 19.- CARACTERÍSTICAS DAS ACOMETIDAS.

As características das acometidas, tanto no que respecta as súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais, como á súa forma de execución e punto de conexión, serán determinadas polo Concello.

Todas as fincas deberán ter, obrigatoriamente, toma directa para o subministro á rede xeral. Cada toma terá unha chave de paso situada ó exterior da finca e colocada nunha arqueta de rexistro.

ARTIGO 20.- EXECUCIÓN E CONSERVACIÓN.

Tódalas obras para conducir a auga da rede xeral á toma do usuario serán por conta deste, se ben, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.

Serán de conta e cargo do usuario os gastos de reparación e substitución da instalación do subministro de auga dende o comezo da propiedade particular ata o final da súa instalación de distribución interior ou particular.

ARTIGO 21.- DEREITOS DE ACOMETIDA.

O dereito de Acometida será o vixente no momento da súa concesión, e conforme ás contías da Ordenanza fiscal correspondente.

TITULO VI.- EQUIPOS DE MEDIDA.**ARTIGO 22.- OBLIGATORIEDADE DE USO.**

A medición dos consumos que van servir de base para a facturación de todo subministro realizarase a través dun contador; que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo.

No caso de subministro a inmuebles colectivos, o control do consumo base de facturación, poderá realizarse ben por contador xeral ou por contadores divisionarios situados en baterías.

ARTIGO 23.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS APARATOS DE MEDIDA.

Os aparatos de medida (contadores) teñen que ser dun modelo oficialmente aprobado conforme á normativa legal aplicable.

O aparato indicador do contador de auga proporcionará unha indicación de volumen fácilmente lexible, segura e sin ambigüedades visuales. O volume de auga indicárase en metros cúbicos.

ARTIGO 24.- PROPIEDAD E INSTALACION DO CONTADOR.

Os contadores serán propiedade dos usuarios.

Os usuarios poderán adquirir libremente os contadores nos lugares que estimen oportunos sempre que os mesmos cumpran coas esixencias do Concello.

O contador únicamente poderá ser manipulado polos empregados do concello.

A instalación do contador ven definida según se trate do número de subministros a efectuar:

1/ Contador único.

A medición dos consumos efectuarase mediante contador único cando no inmovible ou finca sólo exista unha vivenda ou local e nos casos de execución de obras en tanto non conclúan as mesmas.

O contador debe situarse con acceso directo desde a vía pública, de modo que teña fácil e libre acceso para o persoal ou empregados do concello.

2/ Batería de contadores.

Cando exista mais dunha vivenda ou local, será obrigatorio instalar contadores de auga para cada unha delas e os necesarios para os servizos comúns, nun local disposto en zona de uso común con acceso directo dende o portal de entrada do edificio, e totalmente independente do resto de dependencias destinadas a outras instalacións do edificio, debendo cada propietario efectuar o enganche á rede xeral pola súa propia conta.

ARTIGO 25.- URBANIZACIÓNS.

De existir urbanizacións no Municipio que sexan subministradas polo concello, éstas quedan obrigadas a instalar un contador xeral á entrada da urbanización, sin prexuízo de instalar contadores individuais para cada parcela ou finca que constituía a urbanización e que cada un pague os dereitos de acometida que lle correspondan. O consumo efectuado no contador xeral da urbanización será cobrada á Comunidade de Propietarios.

ARTIGO 26.- MANIPULACIÓN DO CONTADOR.

O usuario nunca poderá manipular o contador ou aparato de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes de dito aparato de medida.

ARTIGO 27.- VERIFICACIÓN E PRECINTADO.

O aparato contador que vaia ser instalado polo abonado deberá estar verificado obrigatoriamente e poderá ser comprobado e precintado antes da súa instalación, serán contrastados oficialmente por persoal do Concello, salvo que os revisara previamente a Delegación de Industria e veñan precintados pola mesma, a cuxo trámite pode obligar sempre o Concello.

Será obrigación do usuario, a custodia do contador, así como, o conservar e manter o mesmo en perfecto estado, sendo extensible esta obrigación, tanto ós precintos de contador, como ás etiquetas daquel. A responsabilidade que se derive do incumplimento desta obrigación, recaerá directamente sobre o usuario titular do subministro.

ARTIGO 28.- SUSTITUCION DE CONTADORES.

Se ó facer a lectura e durante as visitas de inspección que se xiren, se comprobara que o contador estaba averiado, requerirase ó propietario para a súa inmediata reparación.

A reparación ou substitución do contador deberá facerse no prazo máximo de 30 días e mentras estivese averiado calcularase o consumo nun promedio co dos trimestres anteriores e, no seu caso, co de igual trimestre que no ano inmediato anterior.

Nos casos de nova instalación ou de carecer de datos de consumos anteriores calcularase o consumo discrecionalmente polos servizos técnicos por razón de analoxía u aproximación.

Nos casos de non reparar o contador averiado ou substituírlo por outro novo no prazo que se fixa anteriormente, a reparación farase polo Concello xirándolle os gastos correspondentes.

TITULO VII.- OBRAS E INSTALACIÓNS, LECTURA E INSPECCIÓN.**ARTIGO 29.- INSPECCIÓN.**

O personal técnico do Concello, ten o dereito de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparatos contadores, tanto en vías públicas ou privadas ou en fincas particulares e ningún usuario pode opoñerse á entrada ás súas propiedades para a inspección do servizo, que deberá levarse a cabo en horas de luz solar, salvo casos de gravidade ou urxentes, a xuízo da Alcaldía.

Tal facultade entendese limitada á toma de auga á rede xeral e á posible existencia de inxertos ou derivacións non controladas, usos distintos do solicitado e defraudacións en xeral.

Nos casos de oposición procederase ó corte inmediato do subministro e para restablecelo deberá o usuario autorizar a inspección e pagar o total do importe da alta e os gastos que se tiveran causado, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbera lugar, de encontrar algunha anomalía, ou infracción ou defraudación.

Os usuarios ou o Concello teñen dereito a solicitar da Delegación de Industria, en calquera momento, a verificación dos contadores instalados nos seus domicilios.

En caso dun mal funcionamento dun contador, comprobado por dita Delegación, o concello procederá a realizar as rectificacións oportunas, en mais ou menos, polos consumos realizados, tomando como base consumos anteriores do usuario ou analóxicamente con outros de características similares.

ARTIGO 30.- LECTURA DE CONTADORES.

A lectura de contadores que servirá para establecer os consumos efectuados polos usuarios, será realizada en horas hábiles ou de normal relación co exterior, polo persoal autorizado expresamente por este Concello. A lectura deberá efectuarse sin necesidade de entrar na propiedade particular.

De calquera maneira, si transcurrido o prazo de toma de lecturas fose imposible levala a cabo, aplicaráselle ó concesionario o mínimo mensual indicado na tarifa. Cando poda ser feita a lectura facturaránse os metros consumidos dende a última realizada, sen estimar os mínimos xa facturados.

ARTIGO 31.- FACTURACION E PAGO DE CONSUMOS.

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada usuario, concretaránse pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

O abonado satisfará ó Concello o importe da auga consumida con arreglo á tarifa vixente, en vista dos datos que reflectan as lecturas. As tarifas sinalaránse na Ordenanza correspondente.

TITULO VIII.- INFRACCIÓNS E PENALIDADES.**ARTIGO 32.- INFRACCIÓNS OU FRAUDES.**

Consideraránse como infracción ou fraude, as seguintes:

1º/ Utilizar auga do servizo municipal sin ter autorizada a alta correspondente.

2º/ Executar acometidas sin ter cumprido previamente os requisitos previstos neste Regulamento.

3º/ Modificar ou ampliar os usos a que se destina a auga potable, especificados no contrato de subministros.

4º/ Levantar os contadores instalados sin autorización do concello; romper os precintos, o cristal ou a esfera dos mesmos; desnivelalos, interrumpilos ou paralos e, en xeral toda acción que tenda a desfigurar a indicación destes aparatos e a perxudicar, polo tanto, os intereses municipais.

5º/ Establecer ramales, derivacións e inxertos que podan traer consigo o uso fraudulento da auga potable por interesados ou por terceiros.

6º/ Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sin previa autorización.

7º/ Revender a auga potable obtida do subministro municipal, ou suministrar auga a vivendas que carezan da alta do servizo inda que non constituía revenda.

ARTIGO 33.- SANCIONES.

Este Concello formulará a correspondente liquidación, segundo os distintos casos de fraude das seguintes formas:

CASO 1/ O que use este servizo de auga potable a domicilio sin ter autorizada a alta e sin ter pagado os correspondentes dereitos de acometida: imporáselle unha multa por importe de 500 euros mais o triple dos dereitos que correspondan, sin prexuízo de maiores responsabilidades, incluso de tipo penal.

CASO 2/ O que tivera solicitado unha acometida e a utilice para varias vivendas ou locais, tendo abonado dereitos dunha sola poderá legalizárselle o servizo pagando o dobre da tarifa de cada acometida.

CASO 3/ O que trasvase auga a outras fincas ou permita tomala a persoas extrañas sin variar en ningun dos dous casos o uso autorizado: pagará o consumo que resulte dende a última lectura ó dobre da correspondente tarifa.

En caso de reincidencia será castigado con igual sanción, perderá a autorización e para restablecerse pagará o total de outra nova e os gastos orixinados.

CASO 4/ A aplicación da auga concedida para usos distintos do autorizado: sancionase liquidando todo o consumo ó prezo da tarifa mais alta e con multa por importe do triple da cantidade tarifada.

CASO 5/ Cando as infraccións obedezan ó propósito de lucro, xa sexa cedendo ou vendendo baixo calquera forma a auga: ademais de aplicarllas as penas que correspondan cobrarase a auga ó triple da tarifa.

Cuando aparezan cometidas varias infraccións, as multas e indemnizacións terán carácter acumulativo e unhas non excluírán a outras nin ó pago da auga consumida ou que se calcule que o foi.

Ademais das penas sinaladas anteriormente, o Alcalde poderá sancionar as infraccións que se cometan, dentro dos límites que autoricen as disposicións vixentes.

ARTIGO 34.- ACTUACIÓN POR ANOMALIAS.

Cando polo persoal técnico do Concello encontren algunhas das infraccións consideradas no artigo anterior, o Concello poderá efectuar o corte inmediato do subministro en tales derivacións.

As defraudacións de auga en calquera das formas sinaladas no Código Penal serán perseguidas e denunciadas ante a xurisdición correspondente, sen prexuízo das reclamacións polo consumo, multas e indemnizacións, xa que a responsabilidade penal é compatible coa civil.

Segundo o anterior, para a denuncia ante a xurisdición correspondente, procederase ó corte de subministro e a levantar un acta de constancia de feitos.

O restablecemento do servizo non implicará, en modo algún, renuncia ou desistimento das accións e indemnizacións que correspondan ó Concello. Para levalo a cabo haberá que reparar desperfectos causados, ter a instalación e demais na forma sinalada neste Regulamento, satisfacer a auga e demais sancións administrativas aquí previstas con pago de novos dereitos de acometida.

O Concello por resolución da Alcaldía poderá ordenar o corte de subministro de auga a calquera abonado que infrinja as normas deste Regulamento.

ARTIGO 35.- LIQUIDACION.

Todas as multas e indemnizacións consignadas nos artigos precedentes faranse efectivas no prazo de quince días, transcurrido o cal suspenderase o servizo inmediatamente e procederase de oficio contra os morosos. A rehabilitación do servizo levará consigo o pago de novos dereitos de acometida.

ARTIGO 36.-RECLAMACIONES.

Todas as reclamacións que se pretendan facer relacionadas con este servizo, deberán facerse por escrito e aportar as probas que se consideren oportunas, debendo ter abonados todos os recibos, salvo aqueles contra os que se formule reclamación, en outro caso no serán admitidas.

A reclamación contra o pago dalgún recibo só poderá referirse a erros reflexados no mesmo. Para resolver estas reclamacións queda facultada a Alcaldía, quen resolverá por Decreto, previas as correspondentes averiguacións.

TITULO IX.- DO REGULAMENTO.**ARTIGO 37.- OBLIGATORIEDADE DO SEU CUMPLIMENTO.**

Os usuarios e o Concello de Meira estarán obrigados a cumprir todas as cláusulas e condicións do presente Regulamento.

ARTIGO 38.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO.

O Concello poderá en todo momento modificar de oficio o presente Regulamento polos mesmos trámites que para a súa aprobación.

As novas disposicións serán aplicables, sin excepción, a todos os usuarios.

ARTIGO 39.- INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO.

Os incidentes a que poda dar lugar a aplicación do presente regulamento serán interpretados polo Concello.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogados todos os regulamentos de auga aprobados con anterioridade ó presente.

DISPOSICIÓN FINAL

A vixencia do presente Regulamento iniciárase ó día seguinte de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e seguirá en vigor en canto non se acorde a súa modificación ou derogación."

En Meira, a 3 de febreiro de 2012.- O Alcalde, D. Ramiro Pérez Freijo

R. 0527

Anuncio

Por Acordo Plenario de data de 15 de decembro de 2011, aprobouse provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por apertura de calcatas ou zanzas en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE CALCATAS OU ZANXAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NAS VÍAS PÚBLICAS**Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por apertura de sondaxes ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.

Artigo 2º: - FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público pola apertura de calcatas ou zanzas en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.

Artigo 3º:- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor de quen se outorgue as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º: - RESPONSABLES.

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinale o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º: - COTA.

A cota tributaria determinarase pola aplicación das tarifas seguintes: